

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI PLURILINGÜE FONTE DÍAZ
CURSO: 2º EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: EDUCACIÓN ARTÍSTICA
DATA: 07/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2-2. Representar de forma persoal ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.	B2-2.4. Organiza o espazo das súas producións bidimensionais utilizando conceptos básicos de composición, equilibrio e proporción.
B2-3. Realizar producións plásticas seguindo pautas elementais do proceso creativo, experimentando, recoñecendo e diferenciando a expresividade dos diferentes materiais técnicas pictóricas e elixindo as máis adecuadas para a realización da obra planeada.	B2-3.1. Utiliza as técnicas debuxísticas e/ou pictóricas máis adecuadas para as súas creación manexando os materiais e instrumentos de maneira adecuada, coidando o material e o espazo de uso.
B2-5. Imaxinar, debuxar e elaborar obras tridimensionais con diferentes materiais.	B2-5.1. Confecciona obras tridimensionais con diferentes materiais planificando o proceso e escollendo a solución máis adecuada aos seus propósitos na súa produción final.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>A través da observación sistemática e da análise das producións do alumnado.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Mediante propostas de traballos individuais como láminas ou manualidades suxeridas pola mestra.</p>
Cualificación final	<p>Considerará en conxunto as avaliacións de todo o curso, valorando especialmente o grado de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas. Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre sempre e cando se beneficie o alumnado.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Repaso e reforzo
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Neste caso, a todo o alumnado lle é posible acceder a todos os traballos que enviamos por contar con acceso a Internet de forma permanente ou puntual.
Materiais e recursos	Plataforma de Google Classroom.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Informamos mediante a plataforma AbalarMobil, a través da páxina web, empregando a dirección de correo electrónico ou mediante chamada telefónica, de ser o caso.
Publicidade	A través da páxina web do centro.